

# O meu paso polo colexio

**Sara Souto Castro- 6<sup>o</sup> B**

## INFANTIL

En Infantil fixemos moitos amigos e xogabamos con eles, e cando tocaba para ir á clase, faciamos moitas cousas como pintar, xogar, algunhas fichas... Tamen liamos todos xuntos e iso era moi divertido. Ou tamén cando iamos ao ximnasio non faciamos máis que xogar a xogos e iso aburríame un pouco, sempre xogando ao mesmos xogos de case sempre.

## Primaria

Cando empecei primeiro houbo moito cambio, cambio de clase e máis materias. Cada curso íase facendo un pouco máis difícil, pero fómolos superando. Tivemos moitas excursións e celebracións de cumpreanos; todo foi estupendo ata chegar a sexto. Todo ía ben na primeira avaliación, a principios da segunda avaliación decretouse o estado de alarma pola culpa dun virus. Todo o colexio nos tivemos que ir para a casa. O meu paso por Primaria así acabou.

## *Opinión*

Gustoume estar neste colexio, porque aprendín moitas cousas e tamén a facer amigos e iso gustoume moito, e a coñecer moitas profesoras que me deron sempre moito apoio e moito cariño; recordareinas sempre.